

Premiado a nivel nacional o sistema de 'Fotogrametría para a Entrega de Mercadorías Lixeiras Aerotransportadas' do CiTIUS

venres, 22 xaneiro, 2021 - 15:25

As novas técnicas, desenvolvidas para o seu uso sobre UAVs (drons) polo Grupo de Arquitectura de Computadores do centro (GAC), foron recoñecidas no marco do congreso CivilDron'20.



A *Fundación de la Energía de la Comunidad de Madrid* concedeu ao grupo do investigador principal do CiTIUS **Francisco Fernández Rivera** unha das distincións particulares do concurso promovido durante o **congreso nacional CivilDron'20**, en «Recoñecemento á Innovación na aplicación dos drons no sector civil».

O premio distingue as técnicas desenvolvidas no CiTIUS para a entrega de mercadorías lixeiras aerotransportadas en contornas de difícil acceso, e é froito dunha convocatoria promovida polos organizadores do congreso en torno ao uso e aplicación de drons na realización de tarefas ou actividades profesionais ou empresariais (labores de inspección de infraestruturas, control de pragas en agricultura, documentación de catastros, avaliación de danos en catástrofes, etc.).

A iniciativa xorde para fomentar o coñecemento das aplicacións e usos dos drons na sociedade civil, posto que a utilización destas tecnoloxías contribúe ao aforro e optimización dos recursos enerxéticos no desempeño de tarefas e labores no ámbito civil, ademais de evitar riscos e mellorar a seguridade.

Os promotores do concurso, que quixeron destacar o alto nivel das propostas presentadas, aseguraron que «dada a gran calidade das candidaturas recibidas, desde a Fundación decidimos outorgar varios recoñecementos particulares». Para **José Carlos Cabaleiro**, investigador responsable do proxecto recoñecido, «este premio é a constatación de que a nosa investigación no tratamento eficiente de nubes de puntos 3D pode dar solución a problemas de importancia social, como sucede neste caso particular, xa que a súa implementación permitirá, por exemplo, aumentar a seguridade dos peregrinos no Camiño de Santiago», explica.